


# Os pobos prerromanos.



As poboacións peninsulares contra o 300 a. C.

Iberia 300BC-en.svg: Alcides Pintoderivative work: Rowanwindwhistler [CC BY-SA 4.0], wikimedia Commons



Inscripción ibérica da placa de chumbo de La Serreta

Tautintanes [CC-BY-SA 3.0], desde wikimedia Commons.

Tradicionalmente agrúpanse baixo esta denominación a aqueles pobos e culturas que entraron en contacto cos romanos cando estes iniciaron a conquista da Península Ibérica a finais do século III a. C. Pódense diferenciar dentro deles tres grandes conxuntos culturais: os pobos ibéricos no litoral mediterráneo, os celtas e celtíberos do interior e a cultura castrexa no noroeste. A estes habería que engadir os vascóns, que ocuparían unha menor. Os límites entre estas comunidades son imprecisos e variables.

A configuración destes pobos remóntase a comezos do I milenio a. C. pero consolídase a partir do século VI a. C.

## Os pobos do levante e do sur peninsular: a cultura ibérica.

**Iberia** é a denominación que os antigos gregos deron ao territorio peninsular. Deriva probablemente dun topónimo local, o río Íber (Ebro). O termo *ibérico* serviulles tamén para cualificar aos diversos pobos prerromanos asentados na zona costeira comprendida entre o golfo de León, ao nordés, e o golfo de Cádiz, no

suroeste peninsular. A cultura ibérica comezou a desenvolverse nos séculos VII-VI a. C. e acadou o seu máximo apoxeo nos séculos V-IV a. C. Non foi a manifestación dun grupo étnico homoxéneo nin de ningún tipo de unidade política. Foi o resultado dun prolongado proceso de aculturación destas poboacións, influídas polo contacto coas colonizacións púnica e grega. Este traducíuse nalgúns trazos comúns, singularmente o **uso dunha mesma lingua** cunha escritura alfabético-silábica emparentada cos modelos fenicio e grego e aínda non descifrada.

Nesta área xeográfica podemos distinguir **numerosos pobos**, entre os que destacamos: os indixetes e os laietanos, asentados en terras da Cataluña actual; os edetanos e os contestanos, na zona valenciana; os mastias, no litoral murciano; os bastetanos, na Andalucía oriental; e os turdetanos, localizados no territorio da antiga e lendaria Tartessos (val do Guadalquivir, golfo de Cádiz).

A súa **economía** baseábase na agricultura (cereais, legumes, vide, oliveira) e na gandería (ovellas, cabras, porcos, bóvidos, cabalos). Tamén tiveron importancia a explotación dos importantes recursos mineiros (ouro, cobre, chumbo, prata) e as actividades artesanais (tecidos, cerámica, metalurxia do ferro, do bronce e do ouro). O contacto cos colonizadores mediterráneos estimulou os intercambios comerciais e o uso da moeda. Os íberos utilizaron primeiro acuñacións

gregas e fenicias e máis tarde (ss. IV-II a. C.) produciron as súas propias.

Dende o século VI a. C. foise configurando na área ibérica unha **rede urbana xerarquizada** articulada arredor de núcleos que, nalgúns casos, acadaron unha importante dimensión. Estas **ciudades ibéricas**, ás que os autores romanos denominaron *oppida*, adoitaban situarse en lugares elevados facilmente defendibles e estaban dotadas de murallas e fortificacións. A súa trama urbanística adaptouse ás características orográficas do terreo.

A **sociedade ibérica** estaba moi xerarquizada. Unha **minoría de aristócratas-guerreiros** dominaba terras e rabaños, detentaba a meirande parte dos excedentes agropecuarios e controlaba os intercambios comerciais acumulando bens suntuarios que acrecentaban o seu prestixio social. Fronte a ela, **campesiños e artesáns** constituían a maioría da poboación. As fontes romanas ofrecen testemuños de **escravitude** entre os íberos pero resulta imposible medir o alcance do traballo servil nestas comunidades. Nestas sociedades semella que adquiriron notable importancia os **vínculos de carácter persoal** entre un poderoso e os seus dependentes, que mesmo podían estenderse a comunidades enteiras. Tal é o caso da famosa *devotio* ibérica, que implicaría a consagración dun guerreiro ao servizo dun xefe, ao que xura defender coa súa vida e non sobrevivirle en troques de certas contraprestacións.

Segundo os textos literarios antigos, a **monarquía** estaba amplamente estendida como forma de goberno entre estes pobos, sobre todo no sur peninsular máis ligado ás tradicións tartésicas. Os régulos íberos gobernarían sobre pequenos estados de fronteiras pouco definidas que podían abranguer unha ou varias cidades. Hai tamén referencias nas fontes escritas a cidades rexidas por consellos de carácter aristocrático.

A **cultura ibérica** presenta unha gran riqueza e diversidade e recibiu o influxo dos colonizadores mediterráneos. As fontes literarias e os restos materiais (esculturas, decoración cerámica, santuarios, mausoleos, necrópoles) dan fe dun **complexo cerimonial relixioso**. Identifícanse algunhas divindades, entre as que semellan ter un posto relevante un deus masculino da guerra e unha deusa feminina da fecundidade (as *damas*?), progresivamente asimiladas a deuses gregos (Marte, Deméter) e púnicos (Tanit, Astarté). Identifícanse tamén seres fantásticos (xenios alados, esfinges, *bichas*...) e representacións animais (serpes, cabalos, xabarís, cervos...)



Moedas ibéricas (finais do s. II a. c.)

[Dorieo](#) [CC BY-SA 4.0], Wikimedia Commons



Reconstrución da cidade ibérica de L'Ullastret (Cataluña)

[Patrimoni](#), Generalitat de Catalunya. [CC BY-SA 2.0], Wikimedia Commons



Fragmento de cerámica ibérica coa representación dun xinete (aristócrata). Museo de Prehistoria de Valencia

[Dorieo](#) [CC BY-SA 4.0], Wikimedia Commons



A bicha de Balazote, escultura ibérica do s. VI a. C.

Ángel M. Felicísimo (Bicha de Balazote) [CC BY-SA 4.0],  
Wikimedia Commons



Guerreiro ibérico de Porcuna (s. V a. C.)

Jesús Serrano [CC BY 2.0], dende Wikimedia Commons

ligados moitas veces ao culto ao alén. Entre os ritos funerarios a **cremación** era o máis estendido. A suntuosidade dalgúns enxovais e a monumentalidade dos mausoleos ibéricos evidencia a posición da aristocracia dominante. Nas **manifestacións artísticas**, entre as que a escultura acadaría especial desenvolvemento (*Dama de Elche*, *Dama de Baza*, *Bicha de Balazote*, etc.) predominaría esta funcionalidade relixiosa e funeraria.

## Os pobos do centro e o oeste peninsular. Os celtíberos.

Segundo nos afastamos do litoral mediterráneo, a influencia dos pobos colonizadores diminúe. Paralelamente acrecéntase a presenza de elementos procedentes do continente europeo, consecuencia do impacto sobre un substrato protocéltico de fluxos intermitentes de grupos de orixes e etnias diferentes, **celtas** incluídos.

A confluencia entre as áreas céltica e ibérica deu orixe ao termo **celtibérico**. Este aplícase a diversos pobos do interior peninsular que falaban unha lingua de raíz céltica e que foron adoptando, sobre todo a partir do s. III a. C., algúns elementos propios da cultura ibérica (vida urbana, artesanía do bronce, cerámica, moeda, escritura...). Tende a considerarse celtíberos *strictu sensu* aos pobos situados entre o leste da Meseta, o val do Ebro e o Sistema Ibérico: arévacos, pelendóns, lusóns, titos e turboletas.

Outros pobos do interior e o oeste peninsulares, máis ou menos próximos, ao mundo celtibérico foron os beróns na Ríoxa, os vacceos na Terra de Campos, os vetóns nas penechairs do oeste da Meseta, os carpetanos na Mancha, os oretanos entre as cabeceiras do Guadiana e o Guadalquivir e os lusitanos do centro do actual Portugal.

En xeral, a **gandería** era a actividade económica esencial destes pobos, que non raramente complementaban coa bandidaxe sobre as poboacións veciñas. Non obstante, algúns deles, como os vacceos, desenvolveron unha notable

**agricultura cerealeira.** O **comercio** e as **actividades artesanais** eran moi precarias con excepción da **metalurxia do ferro**, na que os celtíberos acadaron unha técnica moi depurada.

As sociedades prerromanas do interior peninsular caracterizábanse pola forza da **cohesión tribal** baseada en vínculos de parentesco. Boa parte dos seus asentamentos amosaban unha **nidia preocupación defensiva**: emprazados en lugares elevados ou escarpados e rodeados de muros defensivos. Algunhas poboacións celtibéricas foron evolucionando cara unha sociedade urbana cada vez máis xerarquizada. Os *oppida* arevacos (*Segontia Lanka*, *Numantia* e *Termes*) acadaron considerables dimensións.

Os **sistemas de crenzas** destes pobos estaban ligados á **relixión céltica**. O centro dos seus cultos eran os astros (o Sol, a Lúa, algunhas estrelas) e os espíritos dos bosques, os ríos e os lagos. Non hai constancia dunha arquitectura relixiosa nin da existencia de clero profesional. Tense discutido moito sobre o sentido relixioso dos **verróns**, esculturas zoomorfas presentes nalgúns áreas da Meseta, singularmente entre os vetóns (os *toros de Guisando*), ligados quizais a cultos gandeiros.

## Os pobos do norte peninsular. A cultura castrexa.

A franxa setentrional da Península entre a costa atlántica galega e o Pireneo aragonés estaba ocupado por diversos pobos: **galaicos**, **ástures**, **cántabros**, **autrigóns**, **caristios**, **várdulos** e **vascóns**. Malia as notables diferenzas entre uns e outros podemos destacar algúns trazos comúns. En primeiro lugar, a agricultura tiña un escaso desenvolvemento entre todos eles. A súa principal base económica era a gandería. Nalgúns lugares, a caza, a pesca e a recolección seguían a ter unha notable importancia. En segundo lugar, todos eles vivían en **castros** de características e dimensións diversas. En terceiro lugar, as referencias escritas dos autores grecorromanos caracterízanos como pobos primitivos e belicosos.



Os toros de Guisando(ss. IV-III a. C.)

Rafaelii [CC-BY-3.0], dende Wikimedia Commons



O castro de Baroña

Miguel Bugallo Sánchez [GFDL or CC-BY-SA-3.0], via Wikimedia Commons



Planta da cidade de Terroso (Póvoa de Varzim, Portugal)

ATRIBUCIÓN: [Dominio público], via Wikimedia Commons.

No **noroeste da Península**, nunha área que sobrepasaba a Galicia actual, habitaban os galaicos. Construíron numerosos **castros**, poboados fortificados (foxos, murallas, terrapléns), situados tanto no interior (sobre outeiros) como na costa (en pequenas penínsulas de fácil defensa). No seu interior, as vivendas eran, na súa maioría de planta circular, realizadas en pedra cun teito de colmo (palla e pólas entretecidas). O seu número é moi elevado (uns 3.000) e segue a ser omnipresente na toponimia actual (castro, castrillón, croa, cidá, citania...).

O espazo da **cultura castrexa** sobrepasa os límites actuais territorio galego. Esténdense polo sur ata o Douro e polo leste ata o Navia en Asturias. As súas **orixes** sitúanse a finais da Idade do Bronce (s. IX-VIII a. C.). Desenvolveuse durante a Idade do Ferro sobre a base dun substrato cultural indíxena (precastrexo) ao que se sumaron aportes centroeuropeos e atlánticos, sobre todo célticos, a partir do século VII a. C. Dende o séculos II a. C., foi influenciada pola civilización romana. Non obstante, o hábitat castrexo había perdurar nalgúns casos ata o século VI d. C.

As comunidades castrexas dedicábanse principalmente á gandería, á pesca e ao marisqueo. A **actividade minero-metalúrxica** e a **ourivería** (torques, arracadas, etc.) adquiriron un notable desenvolvemento, dando conta da importancia do adorno persoal como símbolo de poder e riqueza e da presenza dunha sociedade xerarquizada e belicosa.



Torques de Burela

Alvaro Pérez Vilariño [CC BY-SA 2.0], Wikimedia Commons

#### **BIBLIOGRAFÍA:**

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- LORRIO, A.J.: *Los celtíberos*, Alicante, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alicante, 2005 (2ª edición).
- QUINQUER, D.: *Íberos, nuestra civilización antes de Roma*, Barcelona, Obra Social La Caixa, 2011.
- SANTACANA MESTRE, J.: *Entre la Atlántida e Hispania. Del mito a la historia*, Madrid, Editorial Anaya-Biblioteca Básica Historia, 2009.